

Breve resumo da “Ley 28/2005, de 26 de diciembre, de medidas sanitarias frente al tabaquismo y reguladora de la venta, el suministro, el consumo y la publicidad de los productos del tabaco” (BOE nº 309, do 27/12/2005)

Puntos importantes sobre a VENDA:

- Só se poderá realizar a través dos **estancos** e das **máquinas expendedoras** (naqueles lugares que contén coa autorización administrativa correspondente).
- Está prohibida a venda de tabaco ou a entrega de calquera produto que o imite ou induza a fumar aos menores de 18 anos.
- Nos lugares onde estea permitida a súa venda estancos estará sinalizada a prohibición de venda aos menores onde se informará dos perigos que para a saúde supón o consumo do tabaco.
- Os vendedores deberán esixir aos compradores que acrediten a súa maioría de idade (agás que esta sexa evidente).
- Os paquetes de tabaco non poderán ser de menos de 20 unidades.
- Prohíbese entregar mostras de calquera produto do tabaco, sexan ou non gratuítas, e a venda de produtos do tabaco con desconto.
- A **venda manual** de cigarros e cigarrillos provistos de capa natural está permitida na rede de expendedurías de tabaco e timbre e nos bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados cunha superficie útil destinada a clientes igual ou superior aos 100 m² nos que se habiliten zonas para fumar.

Puntos importantes sobre o CONSUMO:

Lugares con prohibición total de fumar

- Centros e postos de traballo.
- Organismos do estado.
- Instalacións sanitarias (pódense habilitar espazos en centros ou servizos psiquiátricos).
- Instalacións educativas.
- Instalacións deportivas pechadas e lugares pechados onde se desenvolvan espectáculos públicos.
- Centros comerciais, grandes superficies e galerías, salvo nos espazos ao aire libre.
- Centros culturais, bibliotecas e museos.
- Salas de festa durante o horario no que se permita a entrada de menores de 18 anos.

- Áreas onde se elaboren, transformen, preparen, manipulen, degusten ou vendan alimentos.
- Ascensores, elevadores, recintos dos caixeiros automáticos e outros espazos públicos de extensión inferior a 5 m².
- Medios de transporte colectivo, vehículos de transporte de empresa, taxis, ambulancias, funiculares e teleféricos.
- Instalacións e espazos do transporte suburbán, excepto ao aire libre.
- Medios de transporte aéreos, ferroviarios e marítimos.
- Estacións de servizo e similares.

Lugares onde se poden habilitar zonas para fumar, (nunca superiores a 300 m²)

Máximo o 30% da superficie útil total destinada a clientes e usuarios en:

- Hoteis, hostais e establecementos análogos (mais ata o 30% das habitacións).
- Bares, restaurantes e demais establecementos de restauración pechados de superficie superior a 100m².
- Bares, restaurantes e demais establecementos de hostalería e restauración sitos no interior de centros comerciais, grandes superficies e galerías, cando estean separados do resto das dependencias, poderán habilitar zonas para fumadores sexa cal fora a súa superficie.
- Salas de festa e establecementos de xogo no horario no que non se permita a entrada de menores de 18 anos.

Máximo o 10% da superficie total en:

- Teatros e cines.
- Centros de atención social para maiores de 18 anos.
- Centros penitenciarios.
- Aeroportos, estacións de autobuses, transporte marítimo e ferroviario.

¿Onde se pode fumar?

Exclusivamente naqueles lugares ou espazos nos que estea permitido fumar e nos especialmente habilitados para iso:

- **Locais de hostalería de menos de 100 m²** de superficie útil destinada a clientes que teñan decidido permitir fumar no seu interior.
- **Zonas habilitadas para fumar dos locais de hostalería de superficie superior a 100 m²,** sempre e cando cumpran os seguintes requisitos:
 1. Estar debida e visiblemente sinalizadas.

2. Estar separadas fisicamente do resto das dependencias do centro ou local e completamente compartimentadas. Non ser zona de paso obrigado para as persoas non fumadoras.
3. Ter un sistema de ventilación independente ou outro dispositivo ou mecanismo que garanta a eliminación do fume.
4. Independentemente do tamaño do establecemento, a súa superficie nunca poderá ser superior a 300m².
5. Nestas zonas non se permitirá a entrada de menores de 16 anos

Sinalización

As súas características deberán ser desenvoltas regulamentariamente polas Comunidades Autónomas.

Deberán sinalizarse:

- Todos os centros de traballo.
- Todos os establecementos de hostalería e análogos (anunciando na súa entrada si se pode fumar ou non).
- Zonas habilitadas para fumar.
- Lugares de venda.
- Máquinas expendedoras.

Publicidade, promoción e patrocinio dos produtos do tabaco:

- Queda prohibido calquera tipo de publicidade, promoción ou patrocinio dos produtos do tabaco en calquera medio ou soporte.

Infraccións e sancións:

- **Leves (0- 600 €)**
 - Fumar nos lugares non permitidos.
 - Non sinalizar as zonas habilitadas para fumar.
 - A venda de tabaco por parte de menores de 18 anos.
- **Graves (601-10.000€)**
 - Habilitar zonas en lugares non permitidos.
 - Incumprir os requisitos das zonas para fumar.
 - Permitir fumar en lugares prohibidos.
 - Máquinas expendedoras: ubicación errónea ou permitir o acceso a menores. Non dispoñer do sistema de recoñecemento de menores a partir do 1 de xaneiro do 2007.
 - Venda a menores e outras formas de comercialización non permitida.

- Distribución gratuíta ou promocional e utilización de denominacións comúns.
- **Moi graves (10.001- 600.000 €)**
 - A publicidade, promoción ou patrocinio dos produtos do tabaco en todos os medios e soportes, excepto nos supostos previstos na Lei.

Responsables das infraccións no relativo ao consumo:

- O **executor** da infracción (consumo en lugar prohibido).
- O **responsable do local** en certos casos (non telo sinalizado correctamente, vender tabaco a menores ou permitir o seu acceso á máquina expendedora e permitir o consumo en lugares prohibidos).
- En materia de publicidade responderán **solidariamente** a empresa publicitaria, o beneficiario da publicidade (titular da marca ou produto anunciado) e o titular do establecemento ou espazo no que se emite o anuncio.